

NIVEIS VIII CON SALARIO INFERIOR A NIVEL IX ASIMILADO

Por mor do asinamento do Pacto de Niveis Mínimos o pasado novembro, no que se estableceu a asimilación salarial a N. VIII para os administrativos N. IX aos 18 anos de antigüidade, detectamos que un número indeterminado de persoas con N. VIII e antigüidade na empresa entre 18 e 23 anos poderían estar a percibir un salario anual inferior ao que percibirían se continuasen na categoría de administrativo. Esta situación prodúcese porque o Pacto reduce o número de anos de antigüidade a 18, en lugar dos 24 que establece o Convenio, para a asimilación salarial dos administrativos N. IX ao salario base dos niveis VIII. Con todo, mentres que o convenio establece que aos citados 24 anos, se un técnico N. VIII percibe anualmente un salario inferior ao que percibiría de se manter na escala administrativa, deberáselle aboar a diferenza que houber, o Pacto de Niveis Mínimos non di nada respecto diso.

Este feito provocou que nos dirixísemos á empresa para exporlle a incongruencia e distorsión que esta situación xeraba e solicitámoslles que o solucionasen. **Aínda que, nun principio se nos comunicou que efectivamente non querían xerar un agravio comparativo salarial para os técnicos N. VIII, o certo é que unha vez empezaron a chegar as peticións dos afectados, decidiron parar o proceso de solución.**

Non é razoable que por mor dun Pacto que pretende mellorar condicións laborais, se xere



unha situación que perverte o Pacto e que non encaixa en absoluto coa política de compensación, retribución e carreira profesional que o Banco publica e afirma aplicar. **Non ten sentido que unha empregada ou empregado ao que se lle esixen obxectivos e que atura fortes presións para que os consiga, perciba un salario inferior ao que percibiría mantendo unha función administrativa.** Con políticas retributivas como esta, e tendo en conta a dita situación de acoso e presión ás que se ven sometidas as funcións de maior responsabilidade, será difícil que alguén acepte responsabilidades superiores ás que lle son esixibles en niveis administrativos.

Cómpre que a dirección de RR. HH. solucione este agravio comparativo e cremos imprescindible que, ademais desta sección sindical de COMFIA-CCOO, os afectados tamén reclamedes unha solución. No dorso deste comunicado reproducimos un modelo de carta para enviar á Dirección de RR. HH.

Se es técnico N. VIII, tes unha antigüidade na empresa de entre 18 e 23 anos e percibes un salario anual inferior ao que percibirías se foses N. IX asimilado, animámoste a enviare a carta adxunta e, se che parece oportuno, comunicasnos que o fixeches.

Xullo de 2011

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

| | | | |
|--|------------|-------------------------|---|
| Boletín de afiliación | Enviar a ➔ | 3532-0002 CC.OO. | Sinatura |
| Nome | ----- | Ofi.: |   |
| Domicilio | ----- | | |
| Poboación | ----- | C.P.: | |
| Cta. de cargo | ----- | | |
| | | | DNI |
| | | | Data / / |
| <small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como –en todo caso– á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lcpd@ccoo.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small> | | | |

Á atención de Xavier Vela

Subdirector xeral

Señor Vela:

Pola presente diríxome a vostede para exporlle unha cuestión que afecta á miña retribución salarial e que, a teor das políticas de compensación e de carreira profesional deseñadas pola entidade, resúltame contraditoria.

O Pacto de Niveis Mínimos asinado o pasado novembro establece que os administrativos con N. IX serán equiparados salarialmente ao N. VIII aos 18 anos de antigüidade na empresa. Por outra banda, o Convenio Estatal de Banca di no seu art. 10, apartado VI, que o persoal ascendido a N. VIII, aos 24 anos de antigüidade, non percibirá un salario inferior ao que lle correspondería de se manter na escala administrativa.

Eu encádrome no nivel técnico VIII pola función que desempeño e, sobre todo, porque a empresa tivo a ben depositar a súa confianza nas miñas capacidades. Por iso, resúltame desconcertante e inexplicable que a miña retribución anual sexa inferior á que percibiría de continuar na escala administrativa. Seguramente, o citado Pacto de Niveis Mínimos non pretendía xerar esta distorsión nos principios que rexen a política retributiva da entidade.

En consecuencia co exposto, solicito que valoren a situación descrita e a miña petición de que a miña retribución anual non sexa inferior á que percibiría de manter o N. IX, por aplicación do Pacto de Niveis Mínimos.

Atentamente,